1. Bolsas e prácticas profesionais
1.4. Institucións e Organismos da Unión Europea

O Corpo Europeo de Solidariedade é unha iniciativa impulsada pola Comisión Europea, anunciada polo presidente Juncker no discurso anual sobre o Estado da Unión en setembro de 2016. A iniciativa púxose en marcha a partires de decembro dese mesmo ano.
O obxectivo do Corpo Europeo da Solidariedade é crear oportunidades para que os mozos e mozas traballen como voluntarios ou colaboren en proxectos que beneficien a comunidades e cidadáns de toda Europa. Desta maneira, perséguese a consolidación dunha sociedade máis integradora, na que se apoie as persoas vulnerables e se dea resposta aos retos sociais, a través de experiencias estimulantes e enriquecedoras para os participantes.

CORPO EUROPEO DE SOLIDARIEDADE

Requisitos

1. A inscrición poderase realizar a partir dos 17 anos, pero até o cumprimento dos 18 non se poderá participar en ningún proxecto. A idade máxima é de 30 anos.
2. Deberase ter nacionalidade ou residencia legal nun dos Estados membros da Unión europea ou dalgún dos seguintes países: Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía ou Macedonia.
3. Aceptar os obxectivos e principios do Corpo Europeo de Solidariedade e compartir os seus valores.

O cumprimento dos anteriores requisitos permite a participación no Corpo Europeo de Solidariedade, sen prexuízo de que cada proxecto poña cadanseus requirimentos.

Lugar

Polo xeral, os proxectos han de desenvolverse dentro dos Estados membros da Unión Europea.

Prazos de solicitude

O Corpo Europeo de Solidariedade é unha iniciativa nova, polo que hai moitas organizacións que aínda están na fase de elaboración de propostas de proxectos. Até finais da primavera de 2017 non se comezou a a admitir participantes, que se incorporarían a partir de xuño do mesmo ano.

A Comisión Europea anunciará convocatorias de propostas para distintos tipos de proxectos do Corpo Europeo de Solidariedade e difundirá a información pertinente a través das redes sociais e do correo electrónico.

No portal da iniciativa, unha vez rexistrado/a, pódense ver as diferentes ofertas existentes na totalidade dos Estados membros.

Proceso de selección

Os interesados deberán realizar unha inscrición na páxina web, na que confirmarán que aceptan e defenden os obxectivos e principios do Corpo Europeo de Solidariedade. Nesa inscrición pedirase información sobre experiencia, coñecementos, preferencias e a elaboración dun perfil actualizable en calquera momento. A partires de aí, os datos da persoa inscrita quedarán gardados nunha base á que terán acceso as organizacións autorizadas pola Comisión Europea para levar a cabo os proxectos. Estas serán as encargadas de contactar coas persoas interesadas para ofrecerlles un posto dentro do seu proxecto, podendo os inscritos aceptalo ou rexeitalo. Unha vez aceptada a oferta, as organizacións e participantes deberán asinar o contrato de solidariedade onde se especifiquen os detalles, para que a Comisión poida avalalo.

Para acceder ao portal de rexistro, prema na seguinte ligazón .

Duración e contía

O proxecto estará en funcionanmento ata o 2020 e a súa duración poderá oscilar entre dous meses e un ano.

As persoas que participen en proxectos como voluntarios non percibirán remuneración algunha, senón outros tipos de axuda económica procedente do correspondente programa da UE que financie a actividade, que cubrirán gastos de transporte, aloxamento, manutención, seguro médico e diñeiro de *peto.*

As persoas contratadas a través da vertente ocupacional do Corpo Europeo de Solidariedade terán un contrato de traballo, polo que recibirán unha remuneración acorde á normativa salarial e aos convenios colectivos vixentes no país de recepción.

As persoas contratadas como aprendices ou bolseiros terán un contrato de traballo e, en principio, pagaráselles unha dieta.